



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Organización do centro escolar

Materia	Educación: Organización do centro escolar			
Código	P02G110V01203			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Fernández Guerra, Ernesto			
Profesorado	Fernández Guerra, Ernesto			
Correo-e	efguerra@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral Esta materia forma parte do módulo 5 "Organización do espazo escolar, materiais e habilidades docentes" de carácter básico, con 6 créditos ECTS. Está ubicada en 1º curso, no segundo cuadrimestre. Pretende proporcionar aos estudantes os coñecementos científicos e as técnicas necesarias para reflexionar sobre os distintos aspectos e ámbitos da Organización Escolar, coa finalidade de poder reflectilos nunha realidade concreta, é dicir, nun centro da nosa Comunidade Autónoma. Intenta, tanto pola actualidade dos contidos como polos ámbitos que abrangue, espertar os intereses dos estudantes polos aspectos que tradicionalmente non se trataban nos currículos académicos.

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia
A9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelos nos estudantes
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información

B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B18	Lideranza
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade
B22	Sensibilidade por temas ambientais

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer a lexislación que regula as Escolas de Educación Infantil, a súa estrutura e os modelos de organización do espazo.	A1 A3 A9	B1 B6 B8 B13 B21
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actividade educativa e situar a escola no sistema educativo español, no contexto europeo e internacional	A1 A9 A11 A12	B1 B2 B6 B7 B8 B9 B12 B18 B20 B21
Planificación das secuencias de aprendizaxe e organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A9 A11 A12	B1 B2 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 B21
Comprender que a dinámica diaria en Educación Infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexibles no exercicio da función docente.	A1 A9 A11 A12	B1 B2 B6 B7 B8 B12 B16 B18 B20 B21
Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade no contorno escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudantes.	A1 A3 A4 A5 A9 A11 A12	B1 B2 B6 B7 B8 B9 B12 B13 B16 B17 B18 B22

Saber traballar en equipo con outros profesionais e colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno, coa finalidade de planificar secuencias de aprendizaxe e organizar situacións de traballo, na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 anos e 3-6 anos.	A1	B1
	A2	B2
	A3	B6
	A4	B7
	A9	B8
	A11	B9
	A12	B17
		B18
		B21
Ter unha imaxe realista de si mesmo, actuar conforme ás propias conviccións, asumir responsabilidades, tomar decisións e relativizar as posibles frustracións.	A1	B1
	A9	B2
	A10	B6
	A11	B7
	A12	B8
		B9
		B13
		B14
		B17
		B18
		B20
Tomar conciencia da complexidade dos procesos educativos en xeral e dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, nas etapas obrigatorias do sistema educativo.	A1	B1
	A2	B2
	A3	B6
	A4	B7
	A5	B8
	A9	B9
	A11	B17
	A12	B18
		B21
Analizar e aplicar distintas estratexias metodolóxicas para organizar os espazos, materiais e tempos, en función dos diferentes modelos didácticos e das características e peculiaridades do alumnado.	A1	B1
	A2	B2
	A3	B5
	A5	B6
	A6	B7
	A7	B8
	A9	B9
	A11	B11
	A12	B13
		B14
		B15
		B17
Coñecer experiencias internacionais e exemplos de experiencias innovadoras en Educación Infantil para aplicalas na aula.	A1	B1
	A9	B2
	A11	B12
	A12	B17
		B18
		B19
		B21
Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro, atendendo os criterios de control de calidade.	A1	B1
	A3	B2
	A9	B7
	A11	B8
	A12	B9
		B13
		B17
		B18
		B21

Contidos

Tema	
1.- FUNDAMENTACIÓN CONCEPTUAL	1.1.- A Organización Escolar. 1.2.- O centro como unidade organizativa: funcións directivas, de xestión pedagóxica e administración. 1.3.- O centro e a comunidade educativa. 2.1.- A estrutura do sistema escolar. 3.1.- Plan do centro. 3.2.- O centro como unidade organizativa: funcións directivas, de xestión pedagóxica e administración escolar: características e niveis.
2.- SUBSISTEMA AMBIENTAL/CONTEXTUAL	
3.- SUBSISTEMA DE PLANIFICACIÓN	

4.- SUBSISTEMA ESTRUCTURAL.	4.1.- Organización do alumnado, profesorado, recursos, espazos, horarios e actividades.
5.- SUBSISTEMA RELACIONAL.	5.1.- A participación nos centros educativos. 5.2.- O clima organizativo. 5.3.- A cultura organizativa. 5.4.- O conflito nas organizacións educativas.
6.- SUBSISTEMA DE DIRECCIÓN E LIDERAZGO.	6.1.- A dirección nas organizacións educativas. 6.2.- Os proxectos de dirección. 6.3.- Da dirección ao liderazgo.
7.- SUBSISTEMA DE CAMBIO / DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO.	7.1.- Avaliación de centros. 7.2.- Análise de experiencias de organización. 7.3.- Referencia de modelos e dos elementos estudados, aplicados aos centros de Educación Infantil.
8.- ORGANIZACIÓN ESCOLAR DIFERENCIADA. 9.- A ORGANIZACIÓN ESCOLAR NO PRACTICUM.	8.1.- Análise de experiencias de organización. 8.2.- Referencia de modelos e de elementos estudados nos centros de Educación Infantil. 9.1.- Aportacións da Organización Escolar ao Practicum.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Proxectos	8	24	32
Titoría en grupo	7	7	14
Sesión maxistral	15	30	45
Presentacións/exposicións	1	3	4
Traballos tutelados	9	27	36
Probas de resposta curta	2	2	4
Estudo de casos/análise de situacións	1	14	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Proxectos	Mediante esta metodoloxía, os estudantes levarán a cabo a realización dun proxecto nun tipo determinado, para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades. Todo isto a partir do desenvolvemento e aplicación das aprendizaxes adquiridas e do emprego efectivo de recursos.
Titoría en grupo	A través das titorías, o profesor facilitará e orientará aos estudantes no seu proceso formativo, podendo ser obxecto de atención calquera das facetas ou dimensións que inciden no mesmo (aspectos académicos, actitudinais, persoais, sociais...).
Sesión maxistral	Presentación estruturada dos temas, coa finalidade de facilitar información organizada, seguindo os criterios adecuados á finalidade dos mesmos. Guión facilitador e a correspondente exposición verbal, por parte do profesor, dos contidos da Organización Escolar.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto..., pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Traballos tutelados	O estudante elaborará traballos ben individualmente ou en grupo, segundo a indicación do profesor sobre aspectos relacionados coa materia e baixo as indicacións do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proxectos	Durante a realización das metodoloxías de Titoría, Estudo de casos e Realización de proxectos ao igual que durante a realización de Portafolios/Dossieres e Traballos e Proxectos, é dicir, durante o tempo no que se realicen estas actividades, prestarase a atención axeitada aos estudantes co obxecto de atender e resolver as súas dúbidas, referidas á materia de Organización do Centro Escolar.
Titoría en grupo	Durante a realización das metodoloxías de Titoría, Estudo de casos e Realización de proxectos ao igual que durante a realización de Portafolios/Dossieres e Traballos e Proxectos, é dicir, durante o tempo no que se realicen estas actividades, prestarase a atención axeitada aos estudantes co obxecto de atender e resolver as súas dúbidas, referidas á materia de Organización do Centro Escolar.
Presentacións/exposicións	Durante a realización das metodoloxías de Titoría, Estudo de casos e Realización de proxectos ao igual que durante a realización de Portafolios/Dossieres e Traballos e Proxectos, é dicir, durante o tempo no que se realicen estas actividades, prestarase a atención axeitada aos estudantes co obxecto de atender e resolver as súas dúbidas, referidas á materia de Organización do Centro Escolar.
Traballos tutelados	Durante a realización das metodoloxías de Titoría, Estudo de casos e Realización de proxectos ao igual que durante a realización de Portafolios/Dossieres e Traballos e Proxectos, é dicir, durante o tempo no que se realicen estas actividades, prestarase a atención axeitada aos estudantes co obxecto de atender e resolver as súas dúbidas, referidas á materia de Organización do Centro Escolar.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Proxectos	A avaliación terá en conta o coñecemento acreditado polos estudantes, no que respecta aos contidos académicos da organización escolar.	20
Sesión maxistral	Avaliar as actividades e tarefas realizadas durante a súa execución. Utilizaranse procedementos de: 1. Preguntas intercaladas durante o desenvolvemento da lección. 2. Técnicas de autoavaliación. 3. Informes sobre actividades realizadas.	5
Presentacións/exposicións	Os estudantes farán presentacións individuais ou en grupos dos proxectos ou traballos tutelados segundo as indicacións do profesor.	20
Traballos tutelados	Avaliaranse os traballos tutelados levados a cabo polo alumnado, terase en conta: presentación, estrutura, citas bibliográficas, contido, ...	20
Probas de resposta curta	A través destas probas preténdese constatar a precisión conceptual e terminolóxica dos aspectos relativos á Organización Escolar. Neste tipo de exames, cada pregunta curta ten unha puntuación individual. A suma destas preguntas reflicte a puntuación do exame.	30
Estudo de casos/análise de situacións	O estudante levará a cabo o estudo de casos propostos polo profesor.	5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá de manifestar no primeiro mes de clases se vai asistir regularmente ou non, no caso de que non poida asistir regularmente fará un exame que terá un peso na nota dun 70% e un traballo 30%.

O alumnado que non supere a materia na 1ª convocatoria, terá que facer un exame na 2ª convocatoria (xuño/xullo), que suporá o 70% da nota e un traballo, (no caso de non superar a parte práctica na 1ª convocatoria), que suporá o 30% da nota.

Bibliografía. Fontes de información

M. A. Zabalza Beraza (Dir), **A Educación Infantil en Galicia**, 1998,
C. Grau Rubio, **Educación Especial. De la integración escolar a la escuela inclusiva**, 1998,
A. Cid Sabucedo, **El clima escolar**, 2002,
J. Gimeno Sacristán, **El sistema educativo. Una mirada crítica.**, 2004,
M. A. Zabalza Beraza, **La calidad de la educación infantil**, 2005,
A. I. Pérez Gómez, **La cultura escolar en la sociedad neoliberal**, 1998,
L. Selmi e A. Turrina, **La escuela infantil a los tres años**, 1998,
L. Selmi e A. Turrina, **La escuela infantil a los cinco años**, 1998,
L. Selmi e A. Turrina, **La escuela infantil a los cuatro años**, 1998,
I. Cantón Mayo, **Las organizaciones escolares: hacia nuevos modelos**, 2000,
A. Cid Sabucedo, **Los proyectos de dirección**, 2000,
A. Cid Sabucedo, **Macroorganización Escolar. El sistema educativo, estrutura e características**, 1996,
Mª L. García Rodríguez, **Organización de la educación infantil**, 1996,
M. Lorenzo, **Organización Escolar. La construcción de la escuela como organización**, 1995,
Mª T. González González ((Coord.), **Organización y gestión de centros escolares**, 2003,
A. Cid Sabucedo, **Practicum I: Prácticas de Observación e de Investigación**, 1996,

Recomendacións

Outros comentarios

Ao tratar cada tema e segundo proceda, facilitarase a lexislación e a bibliografía específica ao respecto.

Tendo en conta que os contidos desta materia son obxecto constante de opinións, comentarios, debates e decisións desde os ámbitos político, administrativo, económico e social; sería conveniente para poder estar ao día, a lectura entre outras das seguintes revistas:

* Comunidad Escolar (<http://comunidad-escolar.pntic.mec.es/854/portada.html>).

* Participación Educativa (http://www.educacion.es/cescs/revista/presentacion_revista.htm).

* Algúns xornais ou Periódicos profesionais de Educación como a Revista Escuela (Escuela Española)...